

PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES AMARANTE PONTEVEDRA

Xuño 2011						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8 INICIO EXPOSICION "Os rostros do Comercio Xusto"	9	10	11 MERCADO TRANSPARENTE + TROCO + CHARLA	12
13	14 CONFERENCIA Cooperativa téxtil maia (Chiapas)	15	16	17 VIDEOFORUM "A nova aldea" CHARLA O Pisco	18	19
20	21	22	23	24	25 11 MERCADO DE TROCO	26
27	28	29	30 6 FIN EXPOSICION "Os rostros do Comercio Xusto"			

★ **MERCADO TRANSPARENTE (Sábado, 11 de Xuño, de 11:00 a 14:00horas, na Praza da Peregrina):**

Preténdese sensibilizar á poboación das diferenzas dos prezos en orixe, o que se lle paga ás produtoras, e os prezos finais, (os que pagan as consumidoras cando mercan).

Nesa acción de rúa estarán presentes **produtores locais, vendendo e explicando os seus produtos** e respectivos prezos, e haberá **venta e degustación de produtos de comercio xusto, mercado de troco, e charla informativa** sobre o tema de este ano: os recursos naturais e a privatización dos recursos e dereitos.

Participan nel AMARANTE Setem, Verdegaiá, o Sindicato Labrego Galego (SLG) e aCooperativa de Consumo A Gradicela.

★ **CONFERENCIA Cooperativa téxtil de Comercio Xusto de Chiapas (México), Kinal Antzetik. martes 14 , 20:00 horas,** que traballa na recuperación da **simboloxía maia** no vestir (roupas, teas, bolsos, manteis...):

Visitaranos **Georgina Molina e Yolanda Castro**, que traballan actualmente neste proxecto coas mulleres indíxenas para recuperar o significado dos símbolos mayas que usan as texedoras nos seus deseños, e que nos enriquecerán cos seus coñecementos e a influencia na rexión do seu proxecto cultural e social.

★ **DOCUMENTAL: "A NOVA ALDEA (Galicia)" xoves 17, 19:00h .**

Posterior **CHARLA de "O Pisco"** (Horta e xardinería ecolóxica), que falará sobre temas de ecoloxía: canles de produción e distribución do comercio tradicional e ecolóxico, prezos dos produtos, cooperativas de consumo locais... etc

SINOPSE: "A nova aldea" / Duración: 58 minutos / Idioma: Galego

'A Nova Aldea' é un documental que desenvolve a idea central do **repoboamento do rural galego**, que agora se atopa nunha crise profunda a piques da súa desaparición. O que se persegue é que sexa un documental non meramente descritivo, senón que **albisca posibles solucións** na dirección de conformar ou replantexar un novo hábitat rural vivible hoxe en día (plantexando casos coma o de Milhulloa, Biocoop...), e cunha dignidade social e económica real, contemplando o rural con esperanza, coma un eido onde sexa posible vivir unha vida moderna e de futuro.

★ **EXPOSICION FOTOGRAFICA: "OS ROSTROS DO COMERCIO XUSTO" , todos os días (de 11h a 13:30h, e de 17h a 20h. Sábados: aberto pola mañán: expón o caso da Fundación Maquita en Ecuador, que logrou conxugar o cultivo sostible, a manufactura e a comercialización, sen olvidarse da peza clave do engranaxe: o campesiño e a súa cooperativa. Está realizada pola Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO).**

★ **MERCADO DE TROCO: de 11h a 14h: "TRAE O QUE NON USES E LEVA O QUE PRECISES!!"**

★ **CENTRO DE RECURSOS: libros, revistas, artigos... en EMPRÉSTITO de calquera persoa interesada no campo da Solidariedade, a Cooperación e o Ecodesenvolvemento.**

Libro recomendado do mes: "EL ROMPECABEZAS DE LA EQUIDAD (Investigación y aportes críticos al movimiento del Comercio Justo)" (Federica Carraro, Rodrigo Fdez., José Verdú. Edit. Icaria).